



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO **ASAMBLEA LOCAL DE A ILLA DE AROUSA**

O BNG de A Illa propón a creación dunha *escola infantil pública* no noso Concello.

O BNG de A Illa de Arousa propón que se dote ao noso Concello dun *escola infantil pública*. A Illa de Arousa conta con unha das taxas de natalidade mais altas de Galiza. A meirande parte das nais do noso pobo son ademais mulleres traballadoras, o que fai moi difícil para elas compatibilizar o seu traballo coa súa vida familiar. Por outro lado, A Illa de Arousa carece de un centro público para a atención dos nenos e nenas durante os primeiros anos das súas vidas, acrecentando deste xeito a incompatibilidade de traballo e coidado dos mais cativos.

A Consellería de Vicepresidencia está a levar a cabo un programa para dotar de *escolas infantís públicas* aos Concellos de Galiza que carecen desta infraestrutura. Resulta esta, polo tanto, unha oportunidade inmillorable para conseguir dar un servizo necesario para moitas familias da Illa.

Por tal motivo, o BNG de a Illa de Arousa enviou un escrito ao Alcalde de A Illa, e presentou unha moción para o próximo pleno, solicitándolle que se poña en contacto de xeito inmediato coa Consellería de Vicepresidencia coa finalidade de acordar un convenio para que esta última dote ao Concello de A Illa de Arousa dunha *escola infantil pública*, e se axilicen do xeito mais rápido posible as xestións para conseguir os terreos necesarios para tal infraestrutura.

Illa de Arousa, 27 de abril de 2006.

Carlos Otero Chaves, Portavoz Municipal do BNG na Illa de Arousa.